

AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

Normativa: [Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.](#)

Obxecto e natureza:

As axudas de inclusión social (AIS) son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

Están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da RISGA.

As persoas ou unidades de convivencia perceptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

Con carácter xeral, só se poderá conceder unha axuda de inclusión social do mesmo tipo por ano, agás os supostos en que, por razóns de grave necesidade, se poida exceptuar esta disposición. Estes supostos, así como os criterios de complementariedade dos diferentes tipos de axudas estableceranse regulamentariamente.



Tipoloxía de axudas e compatibilidade:

<p>a. Vinculadas ao uso da vivenda:</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual cando ese feito favoreza o proceso de inclusión: axudas para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas dela ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada de persoas residentes en chabolas ou infravivendas. • Os supostos <i>excepcionais</i> para o emprego destas axudas no pagamento de cotas hipotecarias en situacións de crise financeira insuperable da familia por causas sobrevidas e por un tempo máximo de tres cotas mensuais estableceranse regulamentariamente. • Incompatible co complemento de alugamento previsto na RISGA. 	<p>a, b</p> <p>Subsidiarias daquelas que lles poidan corresponder ás persoas no marco das medidas específicas de promoción da vivenda social e similares desenvolvidas por calquera administración pública.</p>
<p>b. Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade, co fin de adaptala ás circunstancias físicas da persoa usuaria. 	
<p>c. Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda.</p>	
<p>d. Para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.</p>	
<p>e. Para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cando se trate de tratamentos, elementos protésicos ou axudas técnicas que sexan decisivos para evitar un déficit sensorial, de mobilidade, de saúde ou unha situación persoal de desvantaxe que impida ou dificulte gravemente o proceso de integración social. 	<p>d, e</p> <p>Carácter subsidiario con respecto a calquera outra axuda ou prestación pública destinada á mesma finalidade.</p>
<p>f. Para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación</p>	



Servizos Sociais

- Material didáctico, transporte, atención de menores ou maiores e apoio domiciliario, entre outros, cando estas axudas non estean incluídas nos conceptos cubertos pola propia Risga, polo programa formativo en que se participe ou, en xeral, polos diversos sistemas de benestar das administracións públicas.
- Axudas de acompañamento e reforzo en supostos de persoas vítimas de violencia de xénero.

f, g

Complementarias da RISGA

g. Para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia.

Requisitos

1. Ser maior de idade.
2. Estar empadroad/a a e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos de Galicia.
3. Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación pola que solicita a axuda. Considéranse ingresos insuficientes aqueles que, correspondendo ás persoas integrantes da unidade de convivencia independente, non sexan superiores ao 125 % do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia, computando os ditos ingresos nos termos sinalados ao regular a RISGA.

Non se poderán conceder estas axudas cando a persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia dispoña de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto destas axudas. Teranse en conta para iso as características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación dos bens mobles ou inmobles de que dispoña a unidade de convivencia.

Excepcionalmente, no caso das Axudas para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, por teren carácter persoal, computaranse unicamente os ingresos, rendas e bens das persoas adultas solicitantes,

Servizos Sociais

cando se xustifique no expediente en relación coa situación do conxunto da unidade de convivencia.

Contía das axudas

Mentras non se ditén as disposicións necesarias para o desenvolvemento da Lei, o importe das axudas será o seguinte (disp. transitoria 1ª):

CONCEPTO	LIMITE DA AXUDA	
Uso da vivenda habitual	Ata 2,5 veces o IPREM	1.331,27€
Habitabilidade da vivenda	Ata 10 veces o IPREM	5.325,10€
Equipamento da vivenda	Ata 2 veces o IPREM	1.065,02€
Necesidades primarias	Ata 2 veces o IPREM	1.065,02€
Atención sanitaria e sociosanitaria	Ata 2 veces o IPREM	1.065,02€
Gastos por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación	Ata 2 veces o IPREM	1.065,02€
Para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal	Ata 2 veces o IPREM	1.065,02€

Prazo de Presentación de Solicitudes: aberto todo o ano.

Lugar de Presentación de Solicitudes: Concellería de Benestar e Emigración (previa cita)

